

## ■ Chamamentos telefónicos

- Aplicarase nos casos de urxencia relacionados no artigo 14 do Decreto 37/2006 e cando a necesidade de cobertura de **postos non sexa previsible con antelación** e sempre que a súa cobertura sexa necesaria de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público e cando a necesidade de incorporación da persoa traballadora sexa inmediata de xeito que non sexa posible agardar ao transcurso dos días requiridos para a realización do acto de selección mediante citación postal.
- Para realizar un chamamento telefónico, o órgano ao que figure adscrito o posto **deberá solicitar expresamente a súa cobertura con carácter urxente.**
- Con **carácter previo** ao inicio do chamamento informarase ás **organizacións sindicais**, para os efectos de que poidan exercer o seu dereito de estaren presentes no momento de realizar as chamadas telefónicas, de que se vai realizar un proceso de cobertura con carácter de urxencia. No caso de non poder contactar con ningún sindicato ou que estes declinen estar presentes no proceso deberase reflectir tal circunstancia no documento de incidencias.
- Con carácter xeral, o número máximo de chamadas telefónicas por persoa, caso de non contactar no primeiro intento, será de **dúas (2)**. A segunda chamada efectuarase transcorrido un máximo de 1 minuto dende que se efectuou a primeira. En cada chamada agardarase a que se curte a comunicación ou a que salte o contestador.
- Unha vez efectuados os dous intentos de chamada por persoa remata a opción de cobertura da praza co candidato chamado, continuando o proceso de cobertura cos seguintes candidatos, polo que **unha posterior chamada renunciando ou aceptando o posto ofertado** por parte dalgún aspirante non será tida en conta e non surtirá efectos.
- Se consecuencia do chamamento telefónico se esgotan os candidatos dun ámbito sen conseguir cubrir a praza e temos constancia que hai algunha persoa interesada que no seu momento non colleu o teléfono, deberemos xerar unha nova citación para comezar **dende o inicio** o proceso de cobertura do posto segundo a orde de prelación existente.
- Para posibilitar a toma de decisión por parte das persoas coas que se contacte deberá facilitárselles a información dispoñible respecto a aquelas prazas para cuxa cobertura son chamadas.